



**LEMA: ORZOWEY**

Cando entrou na taberna todos volveron a cabeza cara a aquel home con expresión asustada e coa zamarra enchoupada dun sangue seco. Foi en Pacios, cando o solpor xa se fora despedindo con toda a súa formalidade da Terra Chá, acaravillada polas tebras que se espallan de aldea en aldea. Cumpría buscar un lugar no que estar ao quente, como calquera outro día da invernia.

Un grupo de homes xogaba ás cartas, outros mataban o tempo entre vaso e vaso e dúas mulleres comían castañas xunto á lareira reconvertida en obxecto decorativo. Era noite pecha, pero o murmurio da taberna quecía o ambiente de certa leria, ata que se impuxo o silencio e todos viraron a cabeza para ollar o descoñecido. O home achegouse á barra e pediu, con voz cavernosa saída das profundidades da gorxa, unha caña de herbas. Bebeuna dun grolo para logo pedir outra, e farfallar:

-Os seus ollos eran lume, queimaban, abofé que si. Eu non lles son de mentir.

Abaneándose lixeiramente foi case sen folgos ata o grupo dos homes que xogaban á baralla e que interromperon a partida cando colleu unha banquetta e sentou cabo deles. Tremíalle o pulso e principiou a relatar a súa historia entre un neto de viño dun daqueles xogadores de cartas:

-Escoitei tres noites o seu ouveo e ben sei que era por min. Estábame a buscar, a chamar, a anunciar o seu advento e a última noite non aturei máis...

Non podía quedar na casa, porque el era quen de vir á miña procura; as bestas sonlles así, e non houbo outra igual en toda a redonda, xúroo polo máis bendito que é así. Estou no certo que me estaba axexando, que viña por min, cómame o demo se non é así!

Debía ter o rabo quente, mais eu tamén, non lles son de andar a vestir santos, hai que estar ao que estamos e deixarse de lerias.

Lembro ben aquel día tal acabase de arar as terras. Abrín a fiestra do cuarto e vin as súas pegadas sobre a neve e pareceume distinguir ao lonxe a súa sombra arredarse entre a

escuridade, pero debeu achantar. Mal raio me parta se non é verdade o que lles digo, que ben sei que algúns falan e non din media verdade, pero eu son home de lei. Tratei de acougar, de tomar o meu tempo, pois ben sei que cabestro atravesado non turra do arado, pero penseino e non podía apandar con que a besta gobernase a miña vida.

Volvín ao leito, pero non tardou en volver chamar por min, desta volta con máis degoiro, tal estivese cuspiendo con eses afiados cairos escintelando en medio da noite pecha.

Os seus ouveos resultaban limpos coma a auga da fonte do regato de Suegos, xa entón sabía que ían dirixidos a min e que non ían desaparecer ata que me volveuse cruzar con el. Agardábame. Nin sequera o vira, nin tiña noticias de que nos últimos días comera as ovellas de ningún veciño. Eran contos doutro tempo, disque.

O home detívose un momento para enxergar ao seu redor, se cadra porque non se fiaba nin da súa propia sombra. Logo fitou un por un a cadanseu seareiro do bar e volveu elevar a súa voz co impulso e a lingua solta do licor de herbas.

-Vostedes sábeno mellor ca min. Eu nunca temín aos da boca sangrada, non atacan se un non ataca, pero aquilo era ben diferente. Viña por min, só por min, e se me buscan, sexa quen sexa, hanme atopar, vaia que si, léveme o demo se non é así. E esa mala contra tiña máis veneno ca un alacrán deitado no peito dun pícaro.

Collín a escopeta dun roupeiro no que estaba apartada desde que deixara a caza e cargueina sen saber se os cartuchos, que levaban unha chea de anos sen seren utilizados, terían pólvora. Ben sabía que non íamos quedar a pre: ou o lobo ou eu. Cando chama por un non é para volver á casa e quedar adoecido; o lobo non traballa así.

Vestinme e saín co resío da noite de inverno, coas folerpas da neve alumeando lixeiramente o horizonte e sabendo ben o que tiña que facer. Hai cousas que cómpre resolver de contado, que nin sequera poden agardar ao amencer.

A miña casa, quizais por iso non me recorden, está afastada das súas e hai anos que apenas saio, pero esa noite tiña que facelo, tiña que buscar a ese lobo que ouveaba por min e preguntarlle que precisaba. Notei que me estaba esculcando nada máis pechar a porta da casa. Sentíame arrufado, máis que pola escopeta porque chegara o momento de enfrontarnos, ben o sabiamos os dous.

Agardeino ata que asomou dunha matagueira e avanzou cara a min con toda a súa porcallenta xenreira. Vino con claridade, válgame Deus que si! Tiña un porte altivo, coma dun encebolado cabaleiro ou dun señor de casa con escudo que ten a mantenza en bo arcano.

Era grande coma un mundo e debía ter uns dez anos, dabondo para coñecer como atrapar a unha presa. Non foron as súas caveiras as que me asustaron, nin a súa avultada pelaxe baixo a que se enxergaba un corpo musculoso, ben formado, nin as patas capaces de cruzar calquera montaña por alta que fose. Eran os seus ollos, enormes e ardendo coma lapa nova. Fitaban para min cunha mestura de mal norte e de dominio da situación. Estábanme a dicir que se el o desexaba podía facerme dano en calquera intre. Así lles foi ata que...

O home da zamarra con refugallos de sangue avellado detívose por uns instantes. Os que o seguían a escoitar medio pasmos esqueceran por completo a partida e imaxinaron aqueles ollos ben marelos e as poutas do lobo a piques de apoderarse daquel home que non perdía o fío do seu relato.

-Alí estabamos os dous, sabendo que un de nós baixaría ao inferno antes das primeiras coruscadas do día. Non sei por que estabamos alí, nin se tiña algunha conta pendente comigo. Algún mal debínlle facer aos da súa raza, pero a un cos anos trabállalle menos a chaveta e xa case non lembro cando pariu a última vaca. Tanto tiña, era cousa de dous, e a ninguén lle ía pedir contas nin pasar a minuta do velorio.

O animal podía saltar e atraparme coas súas gadoupas e se despois agochase o meu corpo baixo algunha xesta nun par de días non habería pegada de min. Ninguén me botaría en falta e iso seguro que o sabía, xa que o lobo é intelixente e sabe o que un está a pensar, e tamén todo o que leva nas súas costas. E ese lobo era máis espelido da conta, era como se coñecese cada un dos meus pecados, e pódeme crer que teño unha recua deles, abofé que si.

Collín a escopeta e apunteille á cabeza, pero da escopeta non saíu máis ca unha ventada de aire. Foron varios disparos co mesmo resultado e maldicín todo o relicario da igrexa vella. Creo que os seus ollos detiveron os disparos, foron eles os que mudaron a munición por aire e alí seguía a besta reconvertida en dona e señora da montaña.

Nervioso asubiei unha cantiga que escoitara de pequeno á madriña Dídica: Aí che vén o tío Pedro/cos seus dentes longos/para que non saias da casa antes do almorzo.

Sen dar creto, botouse para atrás, como se me tivese respecto, así que baixei a escopeta que denantes non servira para nada, mal tabaco de liar! Foron instantes de intranquilidade, decisivos, de toma de posicións e de marcar o terreo sen lugar a tremelicar de frío ou de medo, e non, non me estou poñendo farruco, así foi e así o conto.

O tío Pedro miroume de esguello e, finalmente, ouveou por resposta ao meu desafío e tamén para amosar a súa fortaleza. El era o que mandaba, estaba á súa disposición e non me quedaba máis que manter a dignidade, malia que a cantiga lle fixese agochar o rabo e gañar dereito de lei.

Uliscoume e moveuse para dar un brinco e chantarme a súa dentada nun brazo. Se non fose por esta zamarra, que aínda levo posta, creo que non estaría acó, ben o sei.

Pero non era iso o que buscaba en verdade, era outra cousa. Puido rematar comigo alí mesmo, cando estaba no chan, pero só me ollou coma nunca ninguén o fixera. Ardíame

o corpo, pero non me fixo nada, só pousar a súa ollada encoveirada sobre min. Naquel momento tiven a sensación de que me traspasaba para apoderarse de min e así nunca ceibarme. Eu non son amigo de crer nesas andrómenas que conta a xente e que tantas veces escoitei ata que veu por min. Sentín que quedaba sen folgos e que se estaba a levar algo meu consigo. Mala chispa me parta!

Xa pasaron dúas semanas e non dou quitado a súa ollada da miña cabeza. É como se gobernase a miña vida. Os seus ollos amarelos roubáronme a alma, non son o mesmo, sei que o lobo volverá aparecer, pero agora xa non teño nada que lle ofrecer.

O home detívose e ergueuse. Novamente fitou un por un aos xogadores de cartas que viron naquela ollada unha cor amarela que os abrasou. Ben sabían de onde procedía, e sabían tamén que posiblemente nunca ía calmar logo daquel silencio ao xeito dun ouveo que se perde entre un cotarelo agochado baixo a neve.